



CONVOCATORIA MOBILIDADES DE PERSOAL DOCENTE - EDUCACIÓN ESCOLAR

CURSO 2024/25

2024-1-ES01-KA121-SCH-000213720

OBXECTO:

O Equipo de Programas Internacionais convoca ao profesorado de Educación secundaria e Bacharelato do IES JOHAN CARBALLEIRA a participar nas mobilidades de persoal para formación do programa Erasmus+ que se realizarán durante o curso 24/25.

As mobilidades de formación permiten ao profesorado acadar un aprendizaxe continuo de gran calidade, logrando resultados que serían difíciles de obter sen este intercambio. Por este motivo, promóvense **2 prazos de formación de 5 días de duración (+2 días de viaxe) para docentes de Educación secundaria e/ou Bacharelato.**

PRAZO:

O prazo de presentación das solicitudes é **dende o venres 20 de setembro de 2024**, data da publicación desta convocatoria, **ata o venres 27 de setembro**, ambos inclusive.

SOLICITUDES:

Quen pode solicitar as mobilidades?

Profesorado que imparte docencia en Educación Secundaria e Bacharelato.

Que obrigas ten a persoa seleccionada?

Antes da mobilidade:

- Cubrir o formulario e entregar a documentación correspondente.
- Responsabilizarse de buscar e contactar coa organización ou centro educativo de acollida.
- Xestionar a viaxe (aloxamento, transporte, pagamento do curso se procede, etc.).
- En caso de realizar a mobilidade en vehículo particular: Declaración xurada xustificativa (facilitarase modelo).
- Ter en vigor a Tarxeta Sanitaria Europea.
- Contratar unha póliza de seguro de viaxe e responsabilidade civil.



Despois da mobilidade:

- En caso de realizar a mobilidade en vehículo particular: Declaración xurada xustificativa (facilitarase modelo).
- Cubrir a enquisa que a Comisión Europea enviará aos poucos días de rematar a mobilidade e enviar copia da mesma ao Equipo Erasmus do centro.
- Entregar copia do Certificado de Asistencia ou Diploma.
- Elaborar unha presentación que resuma o aprendido na mobilidade e participar na súa difusión.

O non cumprimento dalgunha destas obrigas pode dar lugar á devolución da axuda económica recibida e/ou a non participación en futuras mobilidades.

En caso de dúbida, o Equipo de Educación Escolar estará á vosa disposición para asesorarvos ao longo de todo o proceso tanto presencialmente como a través do correo: erasmus.escolar@iesjohancarballeira.com

Cando se pode realizar?

As mobilidades poden realizarse dende que se publique a lista definitiva de seleccionados ata o 31-08-2025. (Debe estar xestionado antes do 30-06-2025)

Ata cando se pode solicitar?

O prazo para solicitar a participación no proceso de selección é dende o día **20/09/2024** ata o **27/09/2024** (ambos inclusive).

Que tipos de mobilidade hai?

- Cursos: recibir formación nun centro/entidade no estranxeiro.
- Job shadowing: coñecer o proceso de ensino nun centro educativo homólogo no estranxeiro.

Canto pode durar a mobilidade?

A duración debe ser de entre 5-6 días, ao que se lles poden sumar 2 días de viaxe.

Como se pode solicitar?

- Cumplimentando os datos neste [formulario](#).
- Entregando a documentación requirida a través do seguinte correo electrónico: erasmus.escolar@iesjohancarballeira.com
 - Titulacións oficiais do nivel de coñecemento de idiomas (achegarase no propio formulario)
 - Calquera outra documentación xustificativa dos criterios de baremación.



Cal sería o importe aproximado da beca?

- Apoio individual por día: 91-117€ (dependendo do país)
- Importe por desprazamento: 180-360€ (dependendo do país)
- Se se fai curso: 400-480€ (dependendo da duración do mesmo)

Cales serán os criterios de selección?

ANTIGÜIDADE NO CENTRO (máx. 3 puntos)	
Con destino definitivo	3 puntos
Con destino provisional	1,5 puntos

Competencias lingüísticas no idioma do país de acollida ou idioma de traballo no caso de que sexa diferente ao do país de acollida (máx. 2,5 puntos)			
Certificados Oficiais	Nivel	C2	2,5 puntos
Certificados Oficiais	Nivel	C1	2 puntos
Certificados Oficiais	Nivel	B2	1,5 puntos
Certificados Oficiais	Nivel	B1	1 punto
Outros certificados	Nivel	C2	1,5 puntos
Outros certificados	Nivel	C1	1 punto
Outros certificados	Nivel	B2	0,75 puntos
Outros certificados	Nivel	B1	0,5 puntos

Competencias lingüísticas en linguas diferentes ás do país de destino (máx. 2 puntos)			
Certificados Oficiais	Nivel	C2	2 puntos
Certificados Oficiais	Nivel	C1	1,5 puntos
Certificados Oficiais	Nivel	B2	1 punto



Certificados Oficiais	Nivel	B1	0,5 puntos
Outros certificados	Nivel	C2	1 punto
Outros certificados	Nivel	C1	0,75 puntos
Outros certificados	Nivel	B2	0,5 puntos
Outros certificados	Nivel	B1	0,25 puntos

Colaboración en Proxectos de centro (máx. 2,5 puntos)	
Por participación en programas oficiais do centro (por programa e ano)	0,5 puntos

Colaboración co equipo de Programas Internacionais (máx. 2 puntos)	
Cursos ou Xornadas relacionadas coa temática Erasmus+	0,5 puntos
Acompañamento de alumnado en mobilidades europeas	0,5 puntos
Pertencer ou colaborar co equipo de Programas Internacionais	0,5 puntos
Cursos relacionados coas temáticas dos proxectos (Inclusión, Patrimonio, Medioambiente, Novas Tecnoloxías e Creatividade)	0,5 puntos
Por convocatoria previa solicitada no centro e non concedida	0,5 puntos